

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**15172** Orde ARM/2555/2011, do 21 de setembro, de corrección de erros da Orde ARM/3371/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas.

Advertidos erros no texto da Orde ARM/3371/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas oleaxinosas, inserida no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega, número 317, do 30 de decembro de 2010, procédese a emendalos mediante a oportuna rectificación:

Todos os nomes botánicos das plantas e os nomes científicos doutros organismos que se mencionan no citado regulamento teñen que indicarse en letra cursiva.

Na páxina 1, hai que engadir, despois do terceiro parágrafo do preámbulo, o seguinte:

«As características das sementes de especies de plantas oleaxinosas descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do Espazo Europeo en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, coa excepción das distancias mínimas de cultivo, onde se aplicarán as dos respectivos Estados de orixe a partir da certificación que, no caso de Estados terceiros, faga a Comisión Europea tendo en conta as normas da OCDE ou simplemente en aplicación das distancias que regule cada Estado do Espazo Europeo.»

Na páxina 2, no punto I. *Especies suxeitas ao regulamento técnico* do anexo I, onde di: «*Brassica juncea* (L.) Czern.: mostaza da China»; debe dicir: «*Brassica juncea* (L.) Czern.: mostaza da China, mostaza india».

E a continuación da liña: «*Carthamus tinctorius* L.: cártamo.»; débese engadir a liña: «*Carum carvi* L.: comiño».

Na páxina 9, no anexo 1, «Requisitos dos procesos de produción», na columna de «Especie e clase de semente», onde di: «Cártamo»; debe dicir: «Cártamo e comiño.»

Na páxina 11 débese substituír o cadro do anexo 2 «Requisitos das sementes» polo seguinte cadro:

## ANEXO 2

## Requisitos das sementes

Espece e clase de semente	Pureza específica (Mínimo) – Porcentaxe	Materia inerte (Máximo) – Porcentaxe	Pureza varietal (Mínimo) – Porcentaxe	Sementes outras especies (Máximo)	Sementes de <i>Avena fatua</i> e <i>Avena sterilis</i> (*)	<i>Cuscuta</i> spp. (*)	<i>Raphanus raphanistrum</i> (*)	<i>Rumex</i> spp. distinto de <i>R. acetosella</i> (*)	Xerminación (Mínimo) – Porcentaxe
Durmeira:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99	25/10 g (a)	0	0 (a)(b)	–	–	80
Semente certificada ....	98	2	98	25/10 g (a)	0	0 (a)(b)	-	-	80
Cacahuete:									
Semente de base e ant. ....	99	1	99,7	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	70
Semente certificada (R-1) ....	99	1	99,5	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	70
Semente certificada (R-2) ....	99	1	99,5	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	70
Cártamo:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99,8	5/900 g	0	0 (a)	-	-	75
Semente certificada ....	98	2	99,7	5/900 g	0	0 (a)	-	-	75
Colza e nabiña:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99,9 (c)	0,3 %	0	0 (a)(b)	10	2	85
Semente certificada ....	98	2	99,7 (d)	0,3 %	0	0 (a)(b)	10	5	85
Comiño: todas as sementes: ...	97	3	-	25/80 g (a)	0	0 (a)(b)	10	-	70
Xirasol:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99,7	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	85 (e)
Semente certificada ....	98	2	99 (f)	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	85
Liño oleaxinoso:									
Semente de base e ant. ....	99	1	99,7	15/150 g	0	0 (a)(b)	-	-	85
Semente certificada (R-1) ....	99	1	98	15/150 g	0	0 (a)(b)	-	-	85
Semente certificada (R-2) ....	99	1	97,5	15/150 g	0	0 (a)(b)	-	-	85
Mostaza branca:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99,7	0,3 %	0	0 (a)(b)	10	2	85
Semente certificada ....	98	2	99	0,3 %	0	0 (a)(b)	10	5	85
Mostaza negra e da China:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99,8	0,3 %	0	0 (a)(b)	10	2	85
Semente certificada ....	98	2	99,7	0,3 %	0	0 (a)(b)	10	5	85
Soia:									
Semente de base e ant. ....	98	2	99,5	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	80
Semente certificada (R-1) ....	98	2	99	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	80
Semente certificada (R-2) ....	98	2	99	5/1.000 g	0	0 (a)	-	-	80

## Notas:

- (\*) Nunha mostra do peso indicado no anexo 3 para realizar as contaxes.
- (a) Esta contaxe de semente pode non realizarse, a non ser que haxa dúbidas respecto ao seu contido.
- (b) A presenza dunha semente de «*Cuscuta* spp.» nunha mostra do peso indicado non se considera impureza se unha segunda mostra do mesmo peso está exenta.
- (c) 99,7 para as variedades con fins exclusivamente forraxeiros.
- (d) 99 para as variedades con fins exclusivamente forraxeiros.
- (e) A semente de base que non cumpra os requisitos mínimos de xerminación poderase utilizar para producir semente pola propia entidade, sempre que exista aceptación expresa desta circunstancia por parte do agricultor colaborador, e logo de autorización do Servizo Oficial de Control.
- (f) No caso de semente híbrida a máxima porcentaxe admitida de plantas estériles é do 5 por 100.

Na páxina 12, na epígrafe de *Observacións*, onde di: «3.<sup>a</sup> Sementes portadoras de infeccións.–Rexeitarase:»; debe dicir:

«3.<sup>a</sup> Todo lote de comiño que conteña máis de tres sementes de «*Alopecurus myosuroides*» nunha mostra de 80 gramos será rexeitado.

4.<sup>a</sup> Sementes portadoras de infeccións.—Rexeitarase: (...)»

Na páxina 12, na epígrafe de *Observacións*, onde di: «4.<sup>a</sup> Para as sementes comerciais...»; debe dicir: «5.<sup>a</sup> Para as sementes comerciais...».

Nas páxinas 12 e 13 débese substituír o cadro do anexo 3 «Pesos dos lotes e das mostras» polo seguinte cadro:

## ANEXO 3

## Pesos dos lotes e das mostras

Especie e categoría	Peso máximo do lote (quilogramos)	Peso mínimo das mostras para tomar dun lote (gramos)	Peso da mostra para efectuar as contaxes do anexo 2 (gramos)
Durmideira .....	10.000	50	10
Cacahuete .....	30.000	1.000	1.000
Cártamo .....	25.000	900	900
Colza .....	10.000	200	100
Comiño .....	10.000	200	80
Xirasol:			
Semente de prebase .....	25.000	100	100
Semente de base e certificada .....	25.000	1.000	1.000
Liño .....	10.000	300	150
Mostaza branca .....	10.000	400	200
Mostaza negra e da China .....	10.000	100	40
Nabiña .....	10.000	200	70
Soia .....	30.000	1.000	1.000

## Observacións:

Nos pesos máximos dos lotes admítase unha tolerancia do 5 por 100.

Os lotes de semente de base estarán constituídos por sementes procedentes dun só campo.

Os lotes de semente certificada poden proceder dunha ou varias parcelas da mesma zona.

Madrid, 21 de setembro de 2011.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.